



Cofradía de Pescadores
"Ntra Sra de las Arenas"
de Finisterre
Tel y Fax: 981 740079
e-mail: cofradia@cofradiafisterra.org
(A Coruña)

COMUNICACIÓN DIVULGATIVA DO PROXECTO:

"Xestión da biodiversidade dos bancos marisqueiros da confraría de Fisterra".

O mércores 13 de maio de 2020 sae publicado no DOG número 92 a Orde do 23 de abril de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2020, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polos Fondo Europeo marítimo e de Pesca (FEMP), que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental.

O Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e polo que se derogan os regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, sinala no artigo 5 que o FEMP contribuirá, para o período 2014-2020, a fomentar unha pesca e unha acuicultura competitivas, ambientalmente sustentables, economicamente viables e socialmente responsables, e establece no artigo 6 as prioridades do fondo, detallando no punto 1 a prioridade 1) Fomentar unha pesca sustentable desde un punto de vista ambiental, eficiente no uso dos recursos, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento, a través dunha serie de obxectivos específicos que recollan a redución do impacto da pesca no medio mariño, a protección e a recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos, o equilibrio entre a capacidade pesqueira e as posibilidades de pesca dispoñibles, o fomento da competitividade e a viabilidade das empresas do sector pesqueiro, incluíndo expresamente a pesca costeira artesanal, o apoio á consolidación do desenvolvemento tecnolóxico e da formación profesional permanente. O cofinanciamento destas axudas será do 75% aportados polos fondos FEMP e o 25% restante será aportado pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Na Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xuño de 2008 (Directiva marco sobre a Estratexia mariña), recóllese a necesidade de garantir a integración dos obxectivos de conservación, coas medidas de xestión e as actividades de vixilancia e de avaliación definidas para as medidas de protección espacial. Nesta directiva recoñécese que as medidas só serán eficaces se están baseadas nun coñecemento profundo do estado do medio mariño nunha zona determinada, para o que propoñen programas de seguimento que proporcionen información que permita avaliar o estado ambiental.

En consonancia co Acordo de asociación de España 2014-2020, cómpre apoiar medidas que favorezan a recompilación de datos e a mellora da xestión responsable e sustentable das zonas de produción que garantan a viabilidade económica do sector sen prexudicar o medio mariño, así como medidas para o control e seguimento das actividades pesqueiras co fin de mellorar a protección, conservación e sustentabilidade dos recursos mariños e das especies, establecendo condicións de acceso ás zonas de pesca e realizando controis de capturas nas zonas de pesca e puntos de desembarco.

Fisterra é un pequeno concello de Galicia que vive fundamentalmente da pesca costeira artesanal. Entendemos por pesca costeira artesanal, aquela actividade pesqueira ou marisqueira realizada por pequenas embarcacións dunha eslora total inferior ós 20 metros, con artes de pesca tradicionais, e cuxa actividade non se alonxa da costa máis de 10 millas náuticas, polo que a flota regresa a porto todos os días.

Toda esta riqueza natural procede das súas augas e da súa costa, polo que unha correcta xestión e conservación desta riqueza é indispensable para o presente e futuro das súas xentes.

A confraría de pescadores “Ntra Sra de las Arenas” de Fisterra é unha das entidades beneficiarias destas axudas, a través do proxecto **“Xestión da biodiversidade dos bancos marisqueiros da confraría de Fisterra”**.

Este proxecto pretende preservar e xestionar dun modo sostible todos e cada un dos recursos naturais que se distribúen ó longo das augas e costas de Fisterra. Entre éstas están as Zonas de Especial Conservación (ZEC) como a **ZEC Costa da Morte, ZEC Carnota-Monte Pindo, ZEC Monte e Lagoa de Louro**, incluídos na RED NATURA 2000 ou reservas de interese pesqueiro como a **REMIP “Os Miñarzos” de Lira**.

Moitos dos recursos mariños que xestiona a confraría de Fisterra están presentes nestas zonas, e moitos outros distribúense polos arredores, pero sempre no ámbito da confraría. Os recursos marisqueiros máis importantes que xestionará este proxecto serán os bancos de solénidos (longueirón e navalla), ourizo, peneira, percebe ou outros moluscos bivalvos como a ameixa rubia, ameixa babosa, ameixón ou cornicha.

Os principais obxetivos que se pretenden acadar coa presentación deste proxecto, son os seguintes:

1. Preservar a riqueza natural dos ecosistemas mariños de Fisterra. Ésta, o igual que toda Galicia, posúe unha enorme biodiversidade de fauna e flota mariña que se debe protexer.
2. Xestionar de forma sostible a explotación dos recursos naturais das costas de Fisterra. Esta localidade foi a primeira en toda Galicia que presenta datos de xestión de solénidos, datando éstos dende decembro de 1966.
3. Coñecer a través dos plans de explotación a riqueza marisqueira e pesqueira das súas costas e o seu potencial gastronómico. Fisterra celebra anualmente a famosa “Festa do longueirón de Fisterra” coa súa XXVIII edición celabrada en 2019. Pola COVID-19 non foi posible continuar con esta celebración, en espera que se poida reanudar en 2021.
4. Fomentar unha das poucas actividades económicas da zona, de xeito que permita fixar poboación activa nunha das zonas de Galicia máis desfavorecidas dende o punto de vista laboral. O sector primario (pesca e marisqueo), xunto co sector servicios é a base económica de Fisterra. A presentación deste

proxecto favorecerá manter ou incrementar os postos de traballo xerados pola actividade marisqueira.

5. Facer da pesca e o marisqueo unha actividade cada vez máis profesional, sustentable e respetada.
6. Concienciar as xentes do mar, que os recursos mariños son finitos e deben ser explotados dun xeito racional e sostible, de forma que permita a moitas máis xeracións vivir da súa explotación. A confraría de pescadores de Fisterra xestiona dende o ano 1966 a explotación de solénidos. Dende a aprobación en 1993 por parte da Consellería de Pesca dos primeiros plans de explotación, esta confraría xestiona moitos dos actuais recursos marisqueiros.

Para levar a cabo este proxecto, a confraría de pescadores de Fisterra contratou a través da Orde do 23 de abril de 2020, os servizos dun biólogo cuxas funcións principais foron:

- **Elaboración de informes:** cos datos tanto de capturas coma de mostreos, a asistencia técnica elaborou unha serie de informes entre os que destacamos:
 - ❖ Elaboración dos informes mensuais de capturas: mensualmente enviáronse, á Xefatura Territorial da Consellería do Mar a través da plataforma do SIGREMAR (FTP) (www.sigremar.gal), os informes mensuais de capturas. Nestos informes foron reflexados dun xeito detallado os datos de capturas, análises da c.p.u.e./mergullador e día, c.p.u.e./mergullador e hora, precios medios de venda, importes de venda e ingresos por mariscador de todos os recursos explotables diferenciados por banco.
 - ❖ Elaboración dos informes de solicitude de aperturas mensuais: o igual que acontece cos informes de capturas, mensualmente solicitouse á Xefatura Territorial da Consellería do Mar da Coruña, autorización para exercer-la actividade de extracción dos recursos marisqueiros explotables polos mariscadores pertencentes á confraría. Acompañando a solicitude de apertura, determinábase o banco marisqueiro a explotar, o calendario de extracción, os toques de capturas e a relación de mariscadores autorizados a exercer esta actividade. Deste xeito, inténtase facer unha mellor xestión do recurso, sacando un maior aproveitamento da actividade marisqueira.
 - ❖ Informe de avalicación dos bancos marisqueiros: para o banco de marisqueo a flote de praia Langosteira, continuouse coa mesma metodoloxía de mostreo. En outono de 2020 realizouse un mostreo para avaliar a distribución das especies, tamaño do stock explotable da poboación e estado da mesma. Para os bancos de solénidos o longo de todo o ano, dependendo da apertura dos bancos e das condicións meteorolóxicas, realizáronse varios mostreos coa finalidade de obter datos de rendemento extractivo (kg/mergullador e hora), así como de análise de clases de tallas, reclutamento, análise de talla e pesos medios, distribución das especies, etc. Para os bancos de equinodermos, no caso do ourizo fíxose mensualmente un estudo sobre o índice de

condición gonadal, para avaliar o estado reproductivo da gónada, principal órgano de consumo. Ademais fíxose un estudio sobre rendemento extractivo (kg/mergullador e hora), análise de clases de tallas, reclutamento, etc. Para a realización de mostreos onde sexa imprescindible a presenza de embarcación de apoio, mostreadores ou inmersión para a obtención de datos, ditos traballos só se poderán facer coa axuda do propio sector. Si éstos non colaboran na realización dos mostreos, o biólogo da confraría non poderá realizar os traballos anteriormente mencionados. Ditos informes foron enviados á Xefatura Territorial da Consellería do Mar da Coruña e a bióloga de zona a través do seu correspondente arquivo AT0 ou informe independente. Poden consultarse na FTP.

- ❖ Informes dos mostreos de tallas e pesos: mensualmente realizouse un control de tallas e pesos de todos os recursos explotables. Deste xeito complementábase a información obtida da análise da c.p.u.e. das capturas e dos mostreos. Este informe presentouse nun dos apartados do informe anual e dos AT2 que se remitiu á Xefatura Territorial da Consellería do Mar da Coruña a través da FTP.
- ❖ Cartografiado dos bancos: case a totalidade das zonas productivas de recursos específicos e marisqueo están cartografiados. Os resultados destes traballos están publicados na páxina do SIGREMAR ww3.intecmar.gal/sigremar. Sin embargo é moi posible que se descubran coa actividade diaria novas zonas productivas. Para a xestión destas zonas productivas é imprescindible unha avaliación da mesma e a realización de traballos de cartografiado. A avaliación e cartografiado das novas zonas productivas está subida no FTP e foi comunicado á Consellería do Mar para a súa inclusión no SIGREMAR. A medida que se descubran novas zonas productivas ou se intenten explotar novos recursos, iranse cartografiando ditas zonas.
- ❖ Elaboración do informe anual: unha vez rematada a campaña marisqueira, no mes de xaneiro de 2021 remitiuse á Xefatura Territorial da Consellería do Mar da Coruña, un informe anual detallado onde se fixo un seguimento do estado dos bancos naturais explotados.
- ❖ Elaboración e seguimento dos plans de xestión: no mes de setembro de 2020 a asistencia técnica elaborou, conxuntamente co sector, o novo plan de xestión do marisqueo para o trienio 2021_2023. Durante ese mes, a asistencia técnica convocou ó sector extractivo para explicarlles cál é a situación actual do recurso en función do mostreo realizado, cál é a situación máis actual do plan de explotación e plasmou as diferentes propostas do colectivo.
- Asesoramento ós mariscadores para a explotación racional dos recursos.

Ademais das labores estritamente relacionadas coa xestión dos recursos mariños, a asistencia técnica asesora continuamente ós mariscadores na explotación sustentable dos recursos e incluso participando nas reunións do sector.
- Elaboración e seguimento de proxectos.

O biólogo da confraría de Fisterra é a persoa encargada da elaboración e do seguimento de tódolos proxectos relacionados coa xestión dos recursos mariños explotables pola confraría. Ademais realizará os informes de actividades trimestrais e o informe final unha vez finalice o proxecto.

- Envío de mostras ó Intecmar.

A asistencia técnica é a persoa encargada do envío de todas as mostras requeridas polo citado centro para o seguimento dos fenómenos de biotoxinas, microbioloxía e fitoplancton. De forma xeral as mostras de biotoxinas e fitoplancton son enviadas semanalmente, mentres que as de microbioloxía remítense mensualmente.

Para finalizar e a modo de resumen, durante o periodo de vixencia desta axuda, do 1 de xullo de 2020 ó 30 de xuño de 2021, conseguíronse os seguintes obxectivos:

1. Preservar a riqueza natural dos ecosistemas mariños de Fisterra. A actividade marisqueira realizada polo colectivo beneficiario sobre os recursos explotables, é unha actividade manual, respetuosa co medio e tradicional cuxa xestión non causou danos sobre os ecosistemas mariños.
2. Xestionar de forma sostible a explotación dos recursos marisqueiros. A confraría de pescadores de Fisterra xestiona á explotación de 9 recursos marisqueiros. A extracción de recursos marisqueiros como os solénidos, leva realizándose con éxito dende decembro de 1966.
3. Fomentar e realzar a actividade marisqueira. Dende a aprobación dos primeiros plans de explotación, 1993, o marisqueo pasou de ser unha actividade complementaria á pesca, a ser unha actividade totalmente profesional e independente desta, cunha regulamentación propia. Os ingresos anuais obtivos por esta actividade incrementáronse significativamente co paso dos anos, o igual que o valor económico e a aceptación dos recursos por parte dos consumidores. En Fisterra as persoas que se adican ó marisqueo fanno de xeito exclusivo e durante todo o ano, facendo desta unha actividade respetable e moi valorada por outros sectores. Esta aceptación pode verse reflexada na celebración da famosa “Festa do Longueirón de Fisterra” coa súa XXVIII edición celebrada en 2019.
4. Concienciación do sector sobre a preservación dos recursos mariños. A explotación sustentable dos recursos conleva unha mellora nas condicións laborais e económicas das persoas que participan nos diversos plans de explotación, fomentando a participación e a inclusión laboral.